



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Aprobación padrón sumidoiros 2025

ANUNCIO APROBACIÓN PADRÓN SUMIDOIROS 2025

Con data 09.06.2025 por esta alcaldía aprobouse inicialmente o padrón da taxa polo servizo de sumidoiros, depuración de augas residuais e canalización de pluviais (BOP nº 132 do 11.06.2022).

O padrón aprobado expónse ao público nas oficinas deste concello durante vinte días, contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que poida ser examinado e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, a citada aprobación elevarase automaticamente a definitiva.

Esta exposición servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpor recurso de reposición ante a alcaldía, según o disposto no artigo 108 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 14.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. A interposición de recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, se o consideran oportuno, os interesados poderán empregar e exercer calquera outro recurso que se estime conveniente.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Paderne, 9 de xuño de 2025

O alcalde,

Sergio Platas Casal

2025/3837